


FALADOIRO

Xuño de 2011

L
O
I
S
P
E
R
M
H
O
O



L
E
T
R
A
S
G
E
L
A
C
H
2
0
1
1

CEIP da TORRE - CELA
BUEU

SUMARIO

Editorial

Voz Natura

A aula dos Petos

Un día de medo no Colexio

Viaxar é un pracer

A nosas postais de Nadal

Día da Paz

Igualdade no traballo

Entroido 2011

Saídas escolares

Almorzos saudables

A nosa receita

Actividades do Proxecto ARCE

A nosa Biblioteca

Un día cos avós e avoas

Virxilio Viéitez

Unha de inventos...

Páxina deportiva

Editorial

Cada día xeramos máis lixo: está calculado que cada un de nós produce unha media de 1,2 kg de lixo ó día.

Tendo en conta que en Galicia somos aproximadamente 2.800.000 habitantes, atopámonos con que en Galicia acumulamos 3.360.000 kg. diarios, o que é o mesmo que 1.227.400.000 kg de lixo ó ano. A cifra é moi preocupante. Unha maneira de reducir esta cantidade é mercar produtos que veñan o menos envasados e embalados posible, e optando por artigos con recambios reutilizables.

Pero unha vez convertidos en residuos, é necesario levar a cabo unha axeitada separación para facilitar o seu posterior reciclado e transformación en novas materias primas.

Pero para que isto sexa posible é esencial a nosa colaboración, separando e utilizando os colectores adecuados.

Colector amarelo:

Botellas de plástico (aceites, refrescos, augas, leite, etc.)

Botes de plástico groso que contiveran produtos de aseo ou limpeza.

Latas de bebidas e de conservas.

Papel de aluminio

Cartóns de leite, viño ou zumes.

Bandexas de porespán

Redes de envoltorios e envases de boiería industrial.

Colector xenérico (verde):

Residuos orgánicos e non reciclables (restos de alimentos)

Colector azul:

Papel e cartón

Iglú verde:

Botellas, frascos e tarros de vidro.



Algunhas curiosidades que convén saber.

A partir do plástico duro pódense fabricar maceteiros, cubos de plástico, sinais de tráfico e a partir das botellas de plástico de auga e refrescos pódense confeccionar traxes de poliéster, alfombras, felpudos, etc.

Cunha tonelada de papel recuperado evitamos a tala dunhas 24 árbores e o consumo de 24 metros cúbicos de auga. E por cada 1000 kg de cartón que se recolle obtéñense 85 kg de cartón reciclado

Por cada envase de vidro que se recicla afórrase a enerxía necesaria para manter acendido un televisor durante 3 horas.

Recorda que naqueles lugares nos que sexa posible, a compostaxe doméstica é unha boa opción para reducir a produción de residuos e ademais obter un fertilizante natural de boa calidade para utilizar na horta ou xardín da túa casa.



Queremos informar dunha boa nova que chegou ao noso Centro o día despois da festa "Voz Natura"... Para o vindeiro curso 2011 - 12 voltaremos a ser un dos centros participantes no Proxecto co título "Quen plantou esa árbore?".



O noso horto escolar

A principios do mes de maio fixemos entre todos os cursos un horto para participar o próximo ano no proxecto Voz Natura. Un día fomos a quitar as herbas malas e remover a terra. Usamos luvas, palas, angazos e unha forza.

O día seguinte, fomos cos de terceiro para plantar pementos, porros e xudías. Tamén os demais cursos subiron a plantar: tomates, acelgas, calabacíns, leitugas...

Durante este mes de xuño, organizamos quendas de rego para manter o noso horto vivo.

Pablo Sampedro (4º de E. Primaria)





A AULA DOS PETOS DE 5 ANOS QUEREMOS CONTAR
ALGUNHAS DAS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS ESTE
CURSO

Disfrutamos
da visita dos
nosos pais e
avós para
contarnos
sobre o seu
traballo.



Fátima



Álvaro



Esperanza



Nieves



En Pontevedra
visitamos unha
exposición sobre
O BOSQUE e un
hipermercado.



Xogamos cos
números, as
formas, as cores,
as letras.

ADIVIÑAS QUE
NÚMERO HAI
ESCONDIDO
NESTES
DEBUXOS????



Elena Núñez



Pedro Leal

Démoslle a
benvida a
PRIMAVERA



Sáimas ó
LAGO DE
CASTIÑEIRAS



UN DIA DE MEDO NO COLEXIO

!No colexio da Torre-Cela tremeron as paredes o 29 de outubro! Porque o Equipo de Dinamización da Lingua propuso organizar unha xornada de conta- contos de medo, co gallo do Samaín. Participaron todos os cursos dende E. Infantil ata 6º de E.P.

Nós eleximos contarlle o conto aos nenos/as de E.I. Tras escoller entre varios títulos adecuados a idade, decidímonos polo "Gato lambón".

Tivémolo que adaptar para que todos os nenos/as poidesen participar. Estivemos ensiando o longo de varios días.

Tiñamos unha narradora e despois cada neno/a tiña unha intervención na obra.

Buscamos e elaboramos todos os accesorios que consideramos oportunos para a posta en escena: mantel, pota, pano da cabeza, burro, gato,....


Tivemos que facer dúas sesións unha para os nenos/as de tres anos e outra para os de 4 e 5. A verdade é que nos saíu moi ben! E aos pequenos/as gústoulles moito, aínda que a algún moito medo pareceunos que non lle deu.

Ao rematar agasállaronnos con "arañas peludas e vasoiras" que estaban feitas con galletas, queixo e chocolate.

Despois viñeron os nenos/as de 2º a contarnos un conto que eles mesmos inventaran: "A lenda do xinete escuro". Fixéronno estupendamente e ...ideunos moito medo!

Foi unha experiencia moi divertida tanto polo proceso de preparalo todo, coma no de contar e escoitar os contos de MEDO. Esperamos que se repita.

¡ Disfrutemos o Samaín!



5º curso de Primaria

A Narradora





As damas de branco



O leñador

VIAXAR Ê UN PRACER



Jennifer foi a Santander
montada nun alfiler.

Marta foi a Atlanta
montada nunha tarta.



Marta foi a Atlanta
montada nunha tarta.

David foi a Madrid
montado nun regaliz.



Xoan foi a Ardán
montado nun caimán.



Xoan foi a Ardán
montado nun caimán.



Miguel foi a Teruel
montado nun hotel.



Alejandra foi a Holanda
montada nun oso panda.



Lara foi a Guadalajara
montada nunha cuchara.

Óscar foi a pescar
montado nun calamar.



Silvia foi a Sevilla
montada nunha silla.

Anxo foi a Rianxo
montado nun pincho-pancho.



As nosas postais de Nadal



Álvaro Entenza
4º Primaria



Antía Piñeiro
2º Primaria



Antía Docampo
Infantil 4 anos



Matías Moldes
Infantil 4 anos



Elena Núñez
Infantil 5 anos



Martín Leal
6° Primaria



Sara Lemos
5° Primaria



Hugo Loveira
3° Primaria

DÍA DA PAZ

Coma todos os anos celebramos o día da Paz.

A Paz! Unha palabra tan pequena pero cun gran significado. Este ano traballamos a paz de distintas maneiras: buscando a palabra paz noutros idiomas, escribindo as nosas mensaxes de paz, elaborando o campo semántico coas palabras relacionadas coa paz en inglés, en galego e máis en castelán e...a través dos acrósticos.

Que é un acróstico? Un acróstico é unha composición poética ou normal na que as letras iniciais, medias ou finais de cada verso ou oración lidas en sentido vertical, forman un vocablo ou locución. Por extensión chámasele tamén acróstico á palabra ou locución formada por esas letras.

Todo o colexio participou nesta actividade proposta polo equipo de Dinamización da Lingua. Os acrósticos elaboráronse a partir dunha serie de palabras relacionadas coa paz, cada curso elixiu unha, nós, os do terceiro ciclo, traballamos dúas. Aquí tedes unha pequena mostra do resultado. Esperamos que vos gusten!





Alunos de 5º

E. Primaria

MENSAXES DE PAZ

Este ano decidimos confeccionar a nosa mensaxe de Paz co formato dun medicamento que se chamaría "ParaaPaz". Seguindo a estrutura dun prospecto cada neno/a elaborou o seu. Achegámosvos uns exemplos así como o formato exterior da nosa medicina. Oxalá sexa eficaz e nos axude a acadar o seu fin.



Prospecto de ParaaPaz

Como se usa ParaaPaz

Unha dose ao día, pola mañá, para que faga efecto no bo comportamento, na xenerosidade, na amabilidade e na comprensión.

Para que é ParaaPaz

É para sentirse contenta, feliz, alegre, axudar aos teus amigos, familiares, entre coñecidos...

Efectos aditivos de ParaaPaz

Se non a usas como é debido, entón os resultados serán negativos, tristes, angustiosos, ansiosos...

Cristina Navea Sampredano

5º de educación primaria

30 de xaneiro de 2011

Medicación: Paraa Paz

Para que sexa a medicación

1. Resolver calquera tipo de conflitos, situacións, insultos, contra a violencia de xénero, palizas...

2. Para contentar as persoas, para que haxa paz...

Como se usa?

1. Conte ata tres, para intentar tranquilizarse.

2. Bate un puño na súa man e esténdeo polo brazo.

3. Durado vinte segundos a medicación fará efecto.

Efectos Secundarios:

Se a medicación non se utiliza correctamente pode pasar:

1. Non poderá resolver as palizas...

2. Non che podarás axudar as persoas polos casos malos que fixechas.

3. A medicación non se pode utilizar en caso de algún conflito.

4. Se non te esforzas para resolver os problemas, non fará efecto.

Raquel Cabrita Ferreira 5º E.P.



Belén Otero



Carlos Refojos



Yudani Verde

IGUALDADE

NO

TRABALLO



Martín Leal



Pablo Fariña



Diego Jorge



Sabela Baena Magdaleno
“Mención Especial”



Os leñadores →



2011
ENTROIDO

As setas →



Os mouchos



As árbores

O Entroido máis antigo de Galicia

Os Peliqueiros ou Cigarróns



A máscara máis característica e arcaica da bisbarra de Monterrei é a do val de Verín.

O cigarrón vai coa cabeza cuberta con carauta de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha especie de mitra de metal cun motivo zodárico (león, boi, lobo...).

Detrás leva unha pelica de can, noutro tempo gato montés, raposo ou lobo.

Desta pelica venlle o nome de peliqueiro que se lle dá en Laza.

O traxe está composto por:

Unha camisola branca, gravata e unha chaquetiña curta da que colgan flocos dourados que van atados con lazos de tres cores.

Enriba dos ombreiros, unha panoleta despurundada á chaqueta.

Unha gran faixa vermella enrolada á cintura suxeita ao pantalón, cecáis a parte máis traballosa do traxe.

Enriba da faixa, vai o cinturón, do que colgan as chocas.

As pernas do cigarrón van cubertas con medias brancas e ligas.

Zapatos mouros e un mallo na man completan o atuendo deste personaxe típico do Entroido de Verín.



As saídas do 3º ciclo

O venres, 28 de xaneiro, os alumnos do 3º Ciclo fixemos unha saída a Pontevedra. Primeiro, fomos a Caixa Galicia e alí dentro ensináronnos uns cadros feitos por nenos que expresaban algún sentimento. Logo, fixemos un debuxo no que representamos o sentimento que nos tocara, despois démoslle co pincel e coas mans. Cando rematamos miramos cadros abstractos e algunha escultura, tamén abstracta. Despois fomos merendar á Praza da Liberdade. Cando voltamos, fomos a Caixanova a ver óperas cómicas. A primeira que vimos era "COSSI FAN TUTTE" que significa "ASÍ FAN TODAS". Ía de dous oficiais que, para comprobar a fidelidade das súas mulleres, finxen unha viaxe e voltan disfrazados; entón cada un "liga" coa prometida do outro. A segunda ópera foi "O BARBEIRO DE SEVILLA". Vai dun vello desconfiado e dun home namorado dunha muller, pero non pode saír con ela porque o vello non lle deixa comunicarse con notas, e para enganar ao vello usan unha lista da compra. E, por último, vimos "L'ELIXIR D'AMORE", que vai dun home que está namorado dunha muller e para conquistala toma un elixir que resulta ser un timo.

QUE É A OPERA?

A ópera é unha obra dramática que ten como característica principal o canto, é dicir, toda a libelo e os seus diálogos son cantados, aunque permite en ocasións textos falados. Os talentosos artistas son acompañados por unha orquestra que destaca coa súa música. A ópera está relacionada con outros xéneros teatrais como a ópera, o musical e a zarzuela.

A historia da ópera naceu en Italia a finais da século XVI.

Daniel Barcia Santos

María Villanueva Lemos
5º E.P.

Ángel Piñeiro Lobeira
5º Primaria



VISITA Á GRANXA ESCOLAR “SERANTELOS”

O día 12 de abril os nenos e nenas de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria visitamos a **Granxa Escola Serantellos** en Cambados. Chegamos ás dez e media da mañá, a esa hora déronnos a benvida e dividíronnos en grupiños de animais. Durante todo o día estivemos facendo actividades. Aí vai un pequeno resumo:



Fixemos pan



Coñecemos a vida dos animais



Comemos xuntos



Xogamos e disfrutamos

Educación Infantil
e
1º Ciclo de Educación Primaria

ALMORZOS SAUDABLES

Os nenos/as do 1º ciclo de educación primaria participamos nun obradoiro titulado Almorzos Saudables. A actividade a celebramos no mes de xaneiro. Trouxemos os alimentos necesarios e as profes e dúas monitoras do Sergas preparáronnos dous almorzos.

O venres 21 de xaneiro

zumo de laranxa
leite con cacao
pan con tomate e aceite



O venres 28 de xaneiro

unha peza de froita
iogur natural
frutos secos
pan con queixo



Tamén traballamos a saúde bucodental. As monitoras do Sergas ensináronnos como cepillar os dentes e agasalláronnos cun cepillo que usamos despois de almorzar.

Ademais na clase traballamos a pirámide dos alimentos e completamos a actividade cunha saída ao mercado de Bueu e a un centro comercial de Vigo.



A nosa receita

Brocheta de froitas con chocolate fundido

Ingredientes: Froitas variadas e chocolate.

Precisaremos tamén: Coitelo, bandexas, palillos e servilletas.



1. Primeiro pelar e picar a froita.



2. Despois poñemos anacos de froita nas bandexas.



3. A continuación fundir o chocolate e preparar as brochetas.



4. Ao final mollar a froita no chocolate e degustala.



ACTIVIDADES DO PROXECTO ARCE



PROGRAMA ARCE
AGRUPACIONES DE
CENTROS EDUCATIVOS

Neste curso 2010-2011 continuamos co Proxecto ARCE de "Titoría e Convivencia". Estas son as actividades que fomos realizando ó longo deste ano:



A
ascenda
do cole.

Os nosos mediadores.



Daniel, Aida, Raquel, Sara Díaz, Rafael, Pablo, Pedro, Sara Lemos, Cristian, Lara, Ángel, João, Ana e María.

Castelo da Convivencia



Obradoiro de
Non violencia - Convivencia
impartido por Cruz Vermella



Un chocolate
pela Paz



Obradoiro sobre diversidade para nenos e profes.



Os nosos cativos de EI no Concello representando a todo o alumnado de Bueu no día da Muller Traballadora.



E TAMÉN...

Os profes visitaron o CEP Chaparral en Mijas, Málaga, en novembro e recibimos a visita dos mestres dos outros coles do Proxecto no mes de abril.

O curso de quinto de EP viaxou a Oviedo en maio para participar nunhas xornadas de convivencia cos outros mediadores do Colexio San Claudio.

A nosa biblioteca

Durante este curso creamos un grupo de Axudantes de Biblioteca, que axudaron a facer o préstamo no recreo



*E tamén puxemos
a disposición dos
usuarios, unha
caixa de
suxestións*

*As mochilas viaxeiras
empezaron a funcionar
durante este curso.*



*Habilitouse un pequeno
recuncho para o espazo de
informática*

**Día das
Bibliotecas
Escolares**

24 de Outubro



*« Os profes contan contos na
Biblioteca»*



**As
nosas
publicacións**



*Escíbuse un
conto viaxeiro
sobre a Paz, no
que participaron
todos os cursos de
Infantil e
Primaria*

*Tamén o día dos
namorados
celebrouse cunha
exposición de
cartas de amor,
que foron logo
recollidas nun
libro*



*Tivemos a visita
da escritora Charo
Pita o 13 de Abril:*

*Elaborouse un
folleto
informativo
sobre Charo Pita,
así como un cartel
de benvida e un
mural.*

**Día
do
Libro**

23 de Abril



O día do libro celébrase o 23 de Abril porque foi o día no que morreron Miguel de Cervantes e William Shakespeare. Este ano no colexio Torre-Cela celebrouse dunha forma especial: veu Charo Pita e realizamos por primeira vez un intercambio de libros.

Charo Pita é actriz, cantante e contadora de historias. Naceu en A Coruña no ano 1966. Escribe dende os dez anos. Traballa como contacontos e sempre ten a man unha libreta para anotar as súas observacións. Ademais canta nun grupo de música medieval co que gravou un disco titulado "Unha noite na corte do rei Alfonso".

Nesta visita, Charo Pita contounos algunhas das súas historias e nos gustaron moito. Tivemos un día do libro moi interesante e divertido.

Francisco Graña (4º E.Primeria))

Tamén para
celebrar o día do
libro pintouse
unha gran
árbore na
Biblioteca e
colgáronse das
súas ramas as
portadas dos
libros feitos polos
nenos/as.



E para rematar
coa celebración do
día do libro,
puxemos en
marcha o 1º
**Intercambio de
libros**, no que
participaron
tanto alumnos/as
como mestres

NORMAS

DA

BIBLIOTECA

1. Mantén sempre un "voz de biblioteca"

2. Andar sempre amable

3. Alumnos deberán manter a máxima orde e limpeza



4. Contémnos todo o que hai (libros, revistas, vídeos, etc.)



5. Entramos ben, usamos a nosa librola



6. Cando collamos un libro para ler na biblioteca, devorámolo no caso de devolucionalo

7. Podemos ler os libros durante 15 días

8. Quem perde ou estragar un libro deberá repentalo

9. Devolvemos todo ordenado antes de saír

10. A biblioteca é de todos
"RESPONSABILIDADE"



Un día cos avós e avoas

O día 30 de maio viñeron a cada clase os avós e avoas a contar historias.

A nós veunos a avoa de Ana e contounos que antes non era coma agora; por exemplo: non había tantos coches, nin estradas; había poucos xoguetes, pouco diñeiro, durmían en camas de follatos.



Tampouco había comida para elixir e o que tiña unha bicicleta era rico.



Ían ao colexio con nove anos e saían con once, e tiñan que levar as súas mesas e sillas, ou senón quedaban de pé.



Pero eu penso que aínda que foran pouco á escola saben moitas cousas. Foi un día moi divertido! e aprendimos moito.

O noso persoeiro a destacar...

Virxilio Viéitez

Naceu en Soutelo de Montes no ano 1930.

Comezou a traballar na construción i emigrou a Cataluña. Alí coñece a Julio Pallí, que lle aprende o oficio da fotografía.

Traballa como fotógrafo na Costa Brava, facendo retratos aos turistas... En 1955 regresa a Galicia. Pouco despois abre un estudio fotográfico no seu pobo natal; deste xeito tivo ocasión de retratar a oitas xeneracións de veciños da Terra de Montes, de maneira case anónima.

As súas fotografías son retratos de persoas e grupos en actos sociais, coma comunións, velatorios, bautizos... pero tamén de actividades cotiás.

A maior parte das súas fotos son en branco e negro, aínda que nos anos '70 realizou algunha en cor.



Deixou de ser fotógrafo nos anos '80, pero nos '90 a súa obra foi revalorizada protagonizando a representación da fotografía galega na VIII edición da Fotobienal de Vigo de 1998, e despois no MARCO, entre outros.

Faleceu no mesmo pobo no que naceu o 15 de xullo de 2008.

Virxilio Viéitez soio aspirou a seren un bo profesional no seu pobo.

As facianas, as expresividades, os fondos naturais, as atmosferas (velatorios, comunións...) ou a actitude dos modelos pousando con algún instrumento da súa humilde prosperidade (eran os anos nos que regresaban ás aldeas os que marcharon a buscar fortuna) formaban as imáxenes da súa profunda austeridade.



Unha de inventos...

O teléfono

O teléfono é un dispositivo de comunicación deseñado para transmitir sinais acústicas por medio de sinais eléctricas a distancia.

Durante moito tempo Alexander Graham Bell foi considerado o inventor do teléfono, xunto con Elisha Gray.

Pero Bell non foi o inventor deste aparato, senón o primeiro en patentalo. isto aconteceu en 1876.

O 11 de xuño de 2002 o Congreso dos Estados Unidos aprobou a resolución 269 pola que se recoñecía que o inventor do teléfono foi Antonio Meucci, que o chamou teletrófono.



A radio

A radio é un medio de comunicación baseado no envío de sinais de audio a través das ondas electromagnéticas.

Guglielmo Marconi naceu en Bolonia (Italia) o 25 de abril de 1874. Foi un enxeñeiro eléctrico e gañador do Premio Nobel de Física en 1909, coñecido polo desenvolvemento dun sistema de telegrafía sen fíos ou radiotelegrafía.

Morreu en Roma, o 20 de xullo de 1937.



A lavadora

A lavadora ou lavarroupas é un aparato eléctrico que pode ser electrodoméstico ou de uso industrial, usado para limpar ou lavar a roupa.

O inventor da lavadora eléctrica tal como a coñecemos hoxe en día foi Alva Fisher.

A primeira máquina deste tipo apareceu en 1901

Fisher construíu unha máquina que tiña un tambor no cal se botaba auga e xabóns. Esta máquina era automática e funcionaba con electricidade.

As lavadoras teñen na súa porta un sensor ou bloqueo automático que fai que cando se abre se deteña, impedindo que poidan ser abertas cando están funcionando.



A bombilla

O invento da bombilla atribúese habitualmente a Thomas Edison, quen contribuíu ao seu desenvolvemento construíndo, o 21 de outubro de 1879, unha bombilla práctica viable que funcionou durante corenta e oito horas ininterrompidamente.

Pero varios deseños foran xa desenvolvidos en condicións de laboratorio por outros inventores



Páxina deportiva

**B
r
i
l
é**

No campionato de brilé celebrado tódolos xoves no recreo participaron os seguintes equipos:

Panteras Infernales
Facebook
Culés hasta la muerte
Yugopotamios
H.M.
Os Caribeños

O gañador absoluto do campionato foi o equipo “Culés hasta la muerte”

Durante a última semana de maio, os alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria disfrutamos dunhas sesións moi divertidas de streetsurfing .

É como facer snowboard ou surf pola rúa gracias á tabla (wave). A tabla é coma un skate pero con dúas rodas que xiran 360º. O exercicio consiste en facer un movemento de cadeira para ir collendo velocidade.

Aínda que pareza moi difícil, non o é. Ao principio custa un pouco collerlle o truco, pero cando xa máis ou menos o controlas, vai soio.

É moi divertido!

Olimpíada Escolar Saudable

Organizada polo Concello de Bueu, coma en anos anteriores o CEIP da Torre-Cela participa.

Os deportes que se practican son o hockey sala, o atletismo, o baloncesto e, coma primicia, un xogo popular galego, a cachiza, tamén coñecido coma o béisbol galego.



Torneo cuadrangular de Beluso




O seleccionado de Cela, formado por Martín Leal, Sara Lemos, Elena Agüete, Sabela Baeno, Ángel Paz, Pedro Ferradás e João Silva, todos eles alumnos do Terceiro Ciclo, participou o pasado 23 de maio no cuadrangular de Beluso conseguindo o primeiro posto e acadando os seguintes resultados:

Cela 0 - Beluso 0

Cela 2 - A Pedra 0

Cela 3 - Virxe Milagrosa 2

Noraboa campións!




Estela Gómez

DIA INTERNACIONAL DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULHERES



Cristian Novo



Yudani Verde



Sabela Baena



Diego Jorge



Rafael Durán